

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTE CALDELAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CORRESPONDENTE Á ZONA TERMAL E PARQUE DO "PARQUE TERMAL DE PONTE CALDELAS" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Andrés Díaz Sobral, en nome e representación como Alcalde Presidente do **Concello de Ponte Caldelas**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,



EXPOÑEN

1. O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, inclúese a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación



cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativo á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

3. Neste contexto, e co fin de permitir a execución do compoñente 14 do citado Plan de Recuperación, promóvese a elaboración da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos (en diante, a Estratexia) que foi ratificada en Conferencia Sectorial de Turismo o 28 de xullo de 2021 e que articula mecanismos de cooperación entre Administracións Públicas -estatal, autonómica e local- para a consecución de fins comúns e a resolución de problemas transversais, impulsando a transformación verde e dixital no sector turístico, así como a mellora na súa competitividade. Un deses mecanismos materialízase no Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, principal actuación do Plan de competitividade e modernización do sector turístico que se caracteriza polo carácter excepcional do seu financiamento, que procede na súa totalidade dos fondos europeos e que debe implicar unha maior ambición transformadora, e, tamén, por unha serie de especificidades en canto ao seu ámbito de aplicación, limiares mínimos de investimento ou procedemento de presentación das propostas, aprobación, execución e



xustificación de subvencións. Este Programa Extraordinario, conforme recolle a Estratexia, ten a súa concreción operativa nos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destinos (PSTD) que se configuran como mecanismos de actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Entidades Locais e as Comunidades autónomas co obxectivo de avanzar na transformación dos destinos turísticos desde un modelo participado de gobernanza multinivel. Neste sentido, durante os primeiros dous anos de vixencia do citado Programa Extraordinario, a Conferencia Sectorial de Turismo aprobou os plans territoriais de sustentabilidade turística de Galicia correspondentes ás convocatorias dos anos 2021 e 2022. Iniciado o terceiro e último ano da vixencia do Programa Extraordinario, acometeuse a elaboración do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia 2023 que inclúe, neste exercicio, tamén o importe correspondente ao Plan Nacional, e que, así mesmo, se realizou con estrito cumprimento dos distintos fitos regulados no documento de Estratexia de Sustentabilidade Turística en destinos, sendo de novo a Secretaría de Estado para o Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia, os órganos encargados de analizar e valorar as solicitudes recibidas conforme aos criterios de valoración recollidos na Estratexia.

4. A Resolución do 22 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia instrumentase ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.



5. Con data de 27 de xaneiro de 2023 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2023, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os criterios de distribución referidos, incluídos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, foron sometidos a votación das comunidades autónomas e aprobados por unanimidade na Conferencia Sectorial celebrada o 9 de maio de 2023. En función das puntuacións e da súa proporción sobre o total, determínase a asignación máxima de recursos para o ano 2023.

O Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional.

6. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en



materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

7. As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Xunta de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Do mesmo xeito, no marco da Estratexia de sostibilidade turística en destinos, aprobouse o Plan territorial de sostibilidade turística de vilas termais e cascos históricos de Galicia 2023, que ten como prioridade o impulso do turismo termal sostible en Galicia mediante o fortalecemento e a posta en valor dos seus recursos termais, naturais e culturais, destacando o seu valor como reclamo turístico, promovendo a xestión sostible desde os destinos e potenciando os balnearios do territorio galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo cuxa proxección e comercialización acaden o ámbito nacional e internacional.

O dito plan prevé como actuación de cohesión entre destinos (ACD), entre outras, a ACD Galicia, destino termal, que entre os obxectivos previstos persegue mellorar a comercialización e promoción dos balnearios e talasos de Galicia como experiencia



turística, incrementando o posicionamento de Galicia como destino turístico no ámbito nacional e internacional neste sector.

Na reunión da comisión bilateral de seguimento do plan de data 24 de outubro de 2025, informouse de que os remanentes das convocatorias publicadas ao abeiro do dito plan, utilizaríanse para financiar proxectos de concellos que tiñan manifestado o seu interese na posibilidade de financiar proxectos en execución.

8. O Concello de Ponte Caldelas vai construír un Parque Termal nunha parcela da súa titularidade, situada na avda. do Balneario, xa que desde finais do século XIX ata principio do século XXI existiu neses terreos un balneario que, durante unha época, foi referente do termalismo e da hostalería galegas, e que foi tamén un motor do desenvolvemento económico e social da vila.

O obxecto do parque é, por unha banda, o de recuperar a cultura termal do municipio, coa instalación dunha pozas termais que funcionen, novamente, como elemento tractor e dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da vila; e, por outra banda, o de devolver á veciñanza e aos visitantes o uso público dun espazo privilexiado a carón do río Verdugo, en forma de parque público.

A globalidade das actuacións previstas no "Parque Termal de Ponte Caldelas" cífranse en 1.500.000,00 €; e para o financiamento dunha parte deste orzamento, o concello ten suscrito un Convenio coa Deputación de Pontevedra, no marco do Plan Provincia Extraordinaria 2024.

A Axencia de Turismo de Galicia vai a subvencionar o proxecto correspondente á zona termal do parque: as pozas de auga termal, o acondicionamento da capela como espazo de interpretación da cultura termal, acondicionamento do parque e a edificación de servizo da instalación termal.

-Na zona termal instalaranse cinco pozas coa auga termal procedente dos pozos existentes na parcela. A auga pasará por un proceso de filtrado e desinfección, antes da súa incorporación ás pozas.



Das cinco pozas, as dúas primeiras terán un carácter máis “lúdico”, con chorros de aire e de auga, e as outras tres serán de relaxación.

As pozas funcionarán con bordes desbordantes que farán circular a auga entre pozas e cara canais de recollida que a levarán a un depósito de compensación, desde o que se recirculará unha parte da auga, para pasar novamente ao sistema de filtrado.

O conxunto completarase cunhas edificacións auxiliares que albergarán usos complementarios ás pozas: vestiarios, aseos, unha cantina, un cuarto de instalacións, e un almacén municipal

As pozas executaranse cunha estrutura de muros de formigón de 25 cm, adaptando o formigón ás formas finais dos vasos (con asentos e escaleiras). O interior dos vasos e parte os bordes recubriranse cun azulexado de pezas pequenas, de 28x28 mm (gresite), previa regularización e impermeabilización da superficie de formigón.

Instalaranse elementos de seguridade (varandas) de aceiro inoxidable 316, apropiado para o contacto coas augas sulfurosas.

-No parque realizarase un acondicionamento lixeiro dos recorridos polo interior da parcela, cun pavimento de terra compactada, o suficiente para marcar os recorridos afectando o mínimo posible a naturalidade do terreo. Os camiños, que contarán cunha iluminación a nivel do chan con balizas, irán cosendo os puntos de interese ao longo da parcela (a zona termal, a capela, os accesos ao río, o acceso á avenida do Balneario, ...), xerando nalgúns deses puntos e en lugares de cruzamento pequenos espazos de sobra con iluminación, bancos e arborado.

-Respecto á capela realizarase unha primeira actuación de conservación, cambiando a cubrición e os revestimentos de fachada, e volvendo a encalar os paramentos interiores.

Diante da capela, entorno a uns castiñeiros, xerarase un novo punto de encontro, cun pequeno espazo pavimentado.

9. As actuacións específicas previstas neste Convenio –execución do proxecto do Concello de Ponte Caldelas, referenciado na ACD Galicia, destino termal de referencia de acordo co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística



de Galicia e financiadas pola Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia –Compoñente 14– regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación ó Concello de Ponte Caldelas, o instrumento de intervención é o desenvolvemento das actuación para levar a cabo a zona termal e o parque do “Parque Termal” de Ponte Caldelas por importe de 400.000,00€.

10. A Deputación de Pontevedra aprobou as Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra mediante o acordo plenario núm. 2.8272, adoptado na sesión extraordinaria de 18 de outubro de 2024, publicadas no BOPPO núm. 206, do 22 de outubro de 2024. Ao abeiro de dita convocatoria, mediante o acordo plenario núm. 3.8370 adoptado na sesión extraordinaria do 07 de marzo de 2025, concedeuse unha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva, ao Concello de Ponte Caldelas, con destino ao financiamento do investimento denominado “PARQUE TERMAL DE PONTECALDELAS”. Asemade, o 28 de xullo de 2025 o Concello de Ponte Caldelas asinou coa Deputación Provincial de Pontevedra o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTE CALDELAS PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “PARQUE TERMAL DE PONTECALDELAS”, NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA - PLAN EXTRA, polo que a Deputación Provincial de Pontevedra financiará a dita actuación cunha achega de 700.000,00 €. Estas axudas non van a financiar as actividades proxectadas a través da financiación deste convenio.
11. O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os



convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor do Concello de Ponte Caldelas, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable”.

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do Convenio Administrativo previsto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor do Concello de Ponte Caldelas.

En virtude do que antecede, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

10



O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar a zona termal e parque pertencente ao “Parque Termal de Ponte Caldelas”, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, este proxecto incluído na ACD Galicia, destino termal de referencia enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos , así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Segunda.- Natureza

1. A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes artículase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalizaranse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e os compromisos que asumen as partes que os subscriben.



Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España –Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021– e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de *Presupuestos Generales del Estado* para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia e á Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 31,7% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas



medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.I1, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, encadradas no eixe 1, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Eixo 1	Edificación Servicios	
	Movemento de Terras	035
	Saneamento horizontal	
	Formigóns	
	Seguridade e Saúde	
	Zona Termal e Parque	
	Actuacións previas	035
	Formigóns	
	Mobiliario, peches e xardinería	
	Acabados e varios	
	Pavimentos	
	Saneamento e abastecemento	
	Instalacións e iluminación	



035: Medidas de adaptación ao cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: inundacións (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos).

A actuación do eixe 1 está identificada con etiquetaxe climática 40%:

Eixo 1	Capela	050
--------	--------	-----

050: Protección da natureza e a biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis.

Como alternativa, segundo a Resolución de 29 de decembro de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco da Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, os criterios de selección garantirán que polo menos 1.788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7%, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello.

Terceira.- Custo das actuacións e gastos subvencionables

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífranse en 484.000,00 € (IVE incluído) que se financiarán conforme a seguinte distribución:

Eixo programático	Actuación	Importe
-------------------	-----------	---------



Eixo 1. Transición Verde e Sostible	EDIFICACIÓN SERVICIOS	89.700,98
	Movemento de Terras	25.190,32
	Saneamento horizontal	7.943,52
	Formigóns	33.715,66
	Capela	21.522,48
	Seguridade e Saúde	1.329,00
	ZONA TERMAL E PARQUE	246.433,47
	Actuacións previas	7.544,71
	Formigóns	31.737,50
	Mobiliario, peches e xardinería	64.410,20
	Acabados e varios	19.048,18
	Pavimentos	23.512,27
	Saneamento e abastecemento	22.073,96
	Instalacións iluminación	78.106,65
	TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	336.134,45
	13% Gastos Xerais	43.697,48
	6% Beneficios industriais	20.168,07
	TOTAL ORZAMENTO ESTIMADO	400.000,00
	21% IVE	84.000,00
	TOTAL ORZAMENTO	484.000,00

O orzamento estimado das actuacións que se financiarán a través deste convenio é de 400.000,00 € (IVE non incluído).

A Axencia de Turismo de Galicia, achegará 400.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2022 00001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», con cargo aos fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU,



consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Dado que o IVE non é elixible, o concello asumirá o seu importe con cargo ós seus fondos propios.

O orzamento necesario para completar a execución do resto de accións previstas será financiado con fondos propios dos seus orzamentos polo Concello de Ponte Caldelas.

O convenio tramítase ao amparo do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, quedando a concesión da subvención sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións sinaladas a continuación, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia do ano 2026.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no Convenio co Concello de Ponte Caldelas financiaranse con fondos da Unión Europea-NextGenerationEU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financeiros todos aqueles que de maneira indubidada respondan á natureza da actividade, destínanse a alcanzar o fito 221 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiábeis:



- a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
- b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiáveis.
- c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
- d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionables sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non sería elixible.
- e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la *Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones*, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiáveis:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.



- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2026.

Cuarta.- Obrigas da Axencia de Turismo de Galicia

1.- A **Axencia de Turismo de Galicia** no exercicio das súas competencias e en virtude do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegará en 2026 á entidade local beneficiaria a cantidade de 400.000,00 € con cargo á aplicación orzamentarias 04.A2.761A.7600, código de proxecto 2022 00001 segundo o establecido na cláusula terceira.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a transferencia e a aplicación dos fondos percibidos ante a Secretaría de Estado de Turismo. Para iso, velará por que os proxectos adxudicados sexan executados conforme aos requisitos esixibles.

Igualmente, cumprirá as instrucións que tanto a Secretaría de Estado de Turismo como calquera órgano ou autoridade competente lle dirixa en aplicación de calquera normativa,



tanto europea como nacional, que puidese aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do PRTR.

3.-A Comunidade Autónoma de Galicia asume a responsabilidade en canto ao seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do PRTR, de acordo co disposto no artigo 46 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro. Ademais, asume as obrigacións de información e rexistro da consecución dos correspondentes fitos e obxectivos nos termos previstos no artigo 3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como o resto de obrigacións establecidas na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproxecto:

1.-De conformidade co disposto na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.

Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.



- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
- f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adjudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación



e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e co Plan específico, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. E no enlace <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

A este respecto, a entidade local beneficiaria actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dispoñible no enlace <https://pontecaldelas.sedelectronica.es/preview-document/d5be9165-699b-4a77-b81a-7cad47c9780c/>.



Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos. No enlace <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervenientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Axencia de Turismo de Galicia considere pertinentes ao longo do proceso de execución e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Fiscalía Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas da Unión Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando canta información e documentación lles sexa requirida.



e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia canda información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo II.B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo II.C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigación de mantemento da documentación soporte. A



subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde o pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación, ou por un período de tres anos, cando o importe do financiamento sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 133 do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.



m) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

o) A entidade beneficiaria deberá prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran cos principios transversais establecidos na Orde HFP/1030/2021 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (C/2023/111) obre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento (Anexo II.D).

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio



de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalguna das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Sexta.- Principio "DNSH" -Actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, infraestruturas

1.- Nas actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos e infraestruturas, deberánse ter en conta as seguintes condicións específicas do DNSH:



- Para prevención e o control da contaminación: realizar unha avaliación de impacto ambiental (AIA) de cada un dos investimentos da medida de acordo coa Directiva da AIA e a normativa nacional de avaliación de impacto ambiental, e identificaranse e incluírán no deseño de cada proxecto todas as medidas de mitigación necesarias para a prevención e o control da contaminación do chan e da auga. Cando se instalen aparatos de auga, estes terán unha etiqueta de produto existente na Unión. Para evitar o impacto da obra, identificaranse e abordaranse os riscos de degradación ambiental relacionados coa preservación da calidade da auga e a prevención do estrés hídrico, de acordo cun plan de xestión do uso e protección da auga.
- Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas sobre a base da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción que poidan entrar en contacto cos usuarios emitirán menos de 0,06 mg de formaldehído por m³ de material ou compoñente e menos de 0,001 mg de compostos orgánicos volátiles canceríxenos de categorías 1A e 1B por m³ de material ou compoñente, previa proba de acordo con CEN/TS 16516 e ISO 16000-3 ou outras condicións de proba estandarizadas e métodos de determinación comparables. Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executarase as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.
- Para a prevención e o control da contaminación e protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas: Cando as actuacións de rehabilitación teñan lugar en áreas sensibles á biodiversidade (incluída a rede Natura 2000 de áreas protexidas, sitios do Patrimonio Mundial da UNESCO e áreas clave para a biodiversidade, así como outras áreas protexidas) ou en áreas próximas, requirírase o cumprimento dos artigos 6 (3) e 12 da Directiva de hábitats e o artigo 5 da Directiva de aves. Ademais, cando sexa preceptivo, levará a cabo unha Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) de acordo coa Directiva AIA.»



- Para mitigación do cambio climático: Na rehabilitación de edificios terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo, permitindo reducir de forma significativa o consumo de enerxía primaria non renovable.
- Para adaptación ao cambio climático: As medidas de rehabilitación permitirán contribuír á adaptación dos edificios ao cambio climático, adoptando as solucións de adaptación que sexan posibles no marco das opcións que permita a edificación existente e a súa protección no caso de que sexan edificios protexidos, como a utilización de cubertas vexetais, toldos, zonas de sombreado, etc.
- Para transición a unha economía circular:
 1. Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados, nas actuacións previstas neste investimento, será preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.
 2. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.
 3. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.
 4. Cando se instalen aparatos de auga, estes terán una etiqueta de produto existente na Unión. Para evitar o impacto da obra, identificaranse e abordaranse os riscos de



degradación ambiental relacionados coa preservación da calidade da auga e a prevención do estrés hídrico, de acordo cun plan de xestión de uso e protección da auga.

Sétima.- Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da anualidade, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

Oitava.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; á normativa en materia de axudas de Estado, así como ao establecido na Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, e na Ordes HFP 1030/2021 e HFP 1031/2021, do 29 de setembro.



En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

No caso de que subcontrate parte ou a totalidade da actividade obxecto do convenio haberá de prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente».

As entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis esixentes en relación ás normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, así como a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «Do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, así como a non incurrir en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente.

A entidade local beneficiaria deberá identificar os contratistas e subcontratistas, de maneira que incluírán nos procedementos de licitación o seguintes extremos.

a) NIF do contratista ou subcontratistas.



- b) Nome ou razón social.
- c) Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión.
- f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

Novena.- Comisión de seguimento

1. Para o control e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.
2. A Comisión no seu funcionamento rexerese polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:
 - Dous representantes da Comunidade Autónoma.
 - Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.



4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

Décima.- Prazo e forma de xustificación

1. As actuacións recollidas no obxecto deste convenio e que son financiadas con cargo ós orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia deberán estar executadas e finalizadas a 30 de xuño de 2026. A presentación da documentación xustificativa ante a Axencia de Turismo de Galicia terá como data límite o 30 de xuño de 2026, e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda se outorgue conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
- c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
- d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deba solicitar o beneficiario.
- e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.
- f) Certificado emitido polo Concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como o informe emitido pola Intervención.



g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou, no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

5. A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística no cuarto trimestre de 2024:

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos destinaranse a financiar medidas que aborden a transición verde, a



sustentabilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional, deberán estar finalizados no segundo trimestre 2026.

Producirase a devolución anticipada do anticipo xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Décimo primeira.- Publicidade e difusión

1. A entidade local beneficiaria da axuda deberá cumprir coas seguintes obrigacións en materia de publicidade:

a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme coa normativa europea e nacional que resulte aplicable segundo o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 polo que se regula o MRR e, especificamente, coas do artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

b) Nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberánse incluír os seguintes logos:

1.º O emblema da Unión Europea,

2.º Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU»;



3.º No enlace <https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/comunicacion/> pode descargarse o manual de comunicación para xestores e persoas beneficiarias dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

c) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá incluír que foron financiadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia.

d) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá usar como medio de difusión o logo do Plan de Recuperación, dispoñible no link <http://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>.

2.- No seu caso, todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público, e o texto deberá estar redactado nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo segunda.- Incumplimento e reintegro

1. A constatación de que a entidade beneficiaria non utilizou a subvención da Axencia de Turismo de Galicia para o destino específico para o que se solicitou e concedeu, non realice a actuación que deu orixe á subvención, non xustifique a súa aplicación aos fins determinados para os que se interesou ou, en xeral, da existencia de calquera suposto de incumplimento das condicións que motivaron a concesión da subvención, a negativa para facilitar o labor de inspección e o non cumprimento das obrigacións atribuídas ás persoas beneficiarias, dará lugar previa audiencia ao interesado, á declaración de perda do dereito á percepción da subvención e, no seu caso, á obrigación de reintegrar á Tesoureira Xeral autonómica as cantidades percibidas, máis os intereses legais que procedan, de conformidade e nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.



De igual modo, de conformidade co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, que tivo lugar o día 9 de maio de 2023, na que se aproban os criterios de repartición e distribución territorial de créditos destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, conlevará a devolución total ou parcial das cantidades percibidas:

a) Non lograr, en todo ou en parte, os obxectivos previstos: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

b) Non poder acreditarse o logro dos obxectivos por falta de fiabilidade dos indicadores reportados: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

c) Calquera irregularidade que afecte a medidas baixo a súa responsabilidade determinada en calquera control desenvolvido por autoridades nacionais ou comunitarias que recaia sobre aquelas e que impida o retorno de fondos ao Tesouro: reintegro do importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

d) Non utilización das cantidades recibidas para as medidas para as que se transferiron: reintegro de fondos ao Estado polo importe indebidamente utilizado.

2. Así mesmo, proceden o reintegro de fondos polas súas especiais condicións en caso de incumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo», da etiquetaxe dixital ou ambiental ou das condicións recollidas na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España e no Compoñente 14.



3. Cando o cumprimento polas entidades beneficiarias se aproxime de modo significativo ao cumprimento total, entendo por tal a adecuada satisfacción do obxectivo perseguido coa concesión da axuda, e se acredite pola entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos por atoparse en fase final de execución as actuacións obxecto da subvención, a cantidade para reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra n) do apartado 3 do artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. O órgano competente para esixir o reintegro da subvención concedida será a persoa titular da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento

A percepción destas axudas non é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, entes públicos ou privados.

O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR.

Décimo cuarta.- Protección de datos

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de



protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o concello ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo quinta.- Fraude, corrupción e conflito de intereses

En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e



Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de interese.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI).

A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

Será de obrigatoria aplicación ao convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Axencia de Turismo de Galicia e o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/presidencia/plan-antifraude-turismo-2024.pdf>

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf>



Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI)- Anexo II.A. Esta obrigaón débese aplicar nas diferentes fases do convenio a todos os intervenientes no mesmo.

Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

"ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN/SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

O presente procedemento de contratación/subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a contratación (ou órgano competente para a concesión da subvención) poderá solicitar aos licitadores (ou solicitantes da axuda) a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de contratación (ou ao órgano que concede) no prazo de 5 días hábiles



desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do licitador (ou solicitante da axuda), os titulares reais recuperados polo órgano competente para a contratación (ou polo órgano competente para a concesión da subvención)".

Segundo establece o artigo 22.2e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os perceptores finais dos fondos desembolsados e todas as demais persoas ou entidades que interveñan na súa aplicación están sometidas ás actuacións de control que poida exercitar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando cumpra, á Fiscalía Europea

Décimo sexta.- Extinción e resolución

1.- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Serán causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia estipulado.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.



Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra no prazo dun mes coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumplimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na normativa.

3.- Serán causas de extinción do convenio, en relación co anticipo, o incumplimento das condicións impostas ao prestatario, ben en relación coas actuacións para executar e co fin para cumprir, ben en relación coa amortización do préstamo.

Se o incumplimento fose imputable ao organismo beneficiario ou denunciase este o convenio, deberá devolver a totalidade do importe anticipado cos intereses de demora correspondentes á vez que estivese á súa disposición, nos termos que determine a Axencia de Turismo de Galicia, sen prexuízo do tratamento que, respecto ao destino dos fondos da Unión Europea, estableza a normativa comunitaria.

4.- Con todo, se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións que nese momento estean iniciadas, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a súa continuación ata a súa completa terminación, xustificación e liquidación conforme ás cláusulas contidas no convenio, conforme ao establecido no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.- En caso de resolución do convenio por incumplimento total ou parcial das súas obrigacións por parte da entidade beneficiaria, esta deberá reintegrar á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades que percíbise como achega económica do convenio.

Décimo sétima.- Vixencia



O presente convenio estenderase ata o 30 de xuño de 2026.

Décimo oitava.- Xurisdición competente

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste, de acordo coas previsións dos artigos 11.1. c) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, as partes intervenientes asinan o presente convenio

Pola Axencia de Turismo de Galicia

José Manuel Merelles Remy

Polo concello de Ponte Caldelas

Andrés Díaz Sobral



ANEXO I

Actuacións, calendario estimatorio de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e orzamento desagregado, por anualidades.

Eixo programático	Actuación	Importe
Eixo 1. Transición Verde e Sostible	EDIFICACIÓN SERVICIOS	89.700,98
	Movemento de Terras	25.190,32
	Saneamento horizontal	7.943,52
	Formigóns	33.715,66
	Capela	21.522,48
	Seguridade e Saúde	1.329,00
	ZONA TERMAL E PARQUE	246.433,47
	Actuacións previas	7.544,71
	Formigóns	31.737,50
	Mobiliario, peches e xardinería	64.410,20
	Acabados e varios	19.048,18
	Pavimentos	23.512,27
	Saneamento e abastecemento	22.073,96
	Instalacións iluminación	78.106,65
	TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	336.134,45
	13% Gastos Xerais	43.697,48
	6% Beneficios industriais	20.168,07
	TOTAL ORZAMENTO ESTIMADO	400.000,00
	21% IVE	84.000,00
	TOTAL ORZAMENTO	484.000,00



ANEXO II

Modelos de declaración

- A. Ausencia de conflicto de interese
- B. Cesión e tratamento de datos
- C. Compromiso de cumprimento de principios transversais
- D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo



A1. Modelo de declaración de ausencia de conflicto de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.



- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)



B. Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, DNI, como da entidade, con NIF, e domicilio fiscal en

.....beneficiari a de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «recabar e asegurar, para os efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da



correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 253 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



C. Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como titular do órgano//
da entidade, con NIF, e domicilio
fiscal en
.....na

condición de órgano responsable/ órgano xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/ente destinatario do encargo/subcontratista, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm - dnsH)

Información sobre a actuación no plan de recuperación

Identificación da actuación:

Convenio:

Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade:

Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico

Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida

Investimento 1: transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade

Submedida 2: plans de sustentabilidade turística

Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións deste convenio, encadradas no eixo 1, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Eixo 1	Edificación Servicios	
	Movemento de Terras	035
	Saneamento horizontal	
	Formigóns	
	Seguridade e Saúde	
	Zona Termal e Parque	
	Actuacións previas	035
	Formigóns	
	Mobiliario, peches e xardinería	
	Acabados e varios	



	Pavimentos	
	Saneamento e abastecemento	
	Instalacións e iluminación	

As actuacións incluídas no Eixo 1 perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Eixo 1	Capela	050
--------	--------	-----

Datos da persoa solicitante

Nome/razón social

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:



convenio para a execución do proxecto correspondente á zona termal e parque do “Parque termal de Ponte Caldelas”

E este cumpre o seguinte:

De acordo co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e tal e como se establece no apartado 8 da compoñente 14 do PRTR para as actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, infraestruturas, etc. teranse en conta as seguintes condicións específicas do DNSH:

– Para prevención e control da contaminación:

«Vaise a realizar unha avaliación de impacto ambiental de cada unha das inversións da medida de acordo coa Directiva da EIA e a normativa nacional de avaliación de impacto ambiental, e identificaranse e incluíranse no deseño de cada proxecto todas as medidas de mitigación necesarias para a prevención e control da contaminación do solo e da auga.

Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción non conterán amianto nin sustancias moi preocupantes identificadas sobre a base da lista de sustancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello. Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción que poidan entrar en contacto cos usuarios emitirán menos de 0,06 mg de formaldehído por m³ de material ou compoñente e menos de 0,001 mg de compostos orgánicos volátiles canceríxenos de categorías 1A e 1B por m³ de material ou compoñente, previa proba de acordo co CEN / TS 16516 e ISO 16000-3 ou outras condicións de proba estandarizadas e métodos de determinación comparables. Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o polvo e as emisións contaminantes durante a fase de obra e se executarán las actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de solos e auga.»



– Para a protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas:

«Cando as actuacións de rehabilitación teñan lugar en áreas sensibles á biodiversidade (incluída a rede Natura 2000 de áreas protexidas, sitios do Patrimonio Mundial da UNESCO e áreas clave para a biodiversidade, así como outras áreas protexidas) ou en áreas próximas, requirirase o cumprimento dos artigos 6 (3) e 12 da Directiva de hábitats e o artigo 5 da Directiva de aves. Ademais, cando sexa preceptivo, levarase a cabo unha Avaliación de Impacto Ambiental (EIA) de acordo coa Directiva EIA.»

– Para mitigación do cambio climático:

«Na rehabilitación de edificios terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios de cara a que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo, permitindo reducir de forma significativa o consumo de enerxía primaria non renovable.»

– Para adaptación ao cambio climático:

«As medidas de rehabilitación permitirán contribuír á adaptación dos edificios ao cambio climático, adoptando as solucións de adaptación que sexan posibles no marco das opcións que permita a edificación existente e a súa protección en caso de que sexan edificios protexidos, como a utilización de cubertas vexetais, toldos, zonas de sombreado...»

– Para transición a unha economía circular:

«(I) A lo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532 / EC) xerados, nas actuacións previstas nesta inversión, será preparado para a súa re utilización, reciclaxe e recuperación de outros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

(II) Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de



construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

(III) Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmontaxe ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

(IV) Cando se instalen aparatos de auga, estes terán una etiqueta de produto existente na Unión. Para evitar o impacto da obra, identificaranse e abordaranse os riscos de degradación ambiental relacionados coa preservación da calidade da auga e a prevención do estrés hídrico, de acordo cun plan de xestión de uso e protección da auga».

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigação de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data

